

**MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA
NA INTERSECCIÓN DO P.Q. 31+540 DA PO-255**

CLAVE: PO/21/115.06

1. Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto a mellora da seguridade viaria na intersección en "T" entre a estrada PO-255 (P.Q. 31+540) e a estrada provincial EP-5104, dando maior visibilidade á hora de realizar o xiro a esquerda e facendo máis cómoda a circulación. Tamén se inclúe o reforzo do firme dun treito da PO-255.

2. Plan de Estradas

A estrada PO-255 é unha Estrada Convencional da Rede Local de estradas da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As actuacións a realizar serán:

- Mellora da intersección entre a PO-255 e a EP-5104 coa ampliación da plataforma da PO-255. No punto quilométrico (P.Q.) 0+050 da PO-255 proxéctase unha lágrima que permite o cambio de sentido aos vehículos que veñen de ambas estradas en sentido decrecente dos PP.QQ. Xérase un carril de espera entre os PP.QQ. 0+080 a 0+095, que dá acceso a un ramal directo de nova execución cara a EP-5104. No espazo morto executarase un illote.
- O único movemento non contemplado no proxecto de trazado, tampouco permitido na actualidade, é o cambio de sentido na PO-255, en sentido de avance dos PP.QQ.

4. Características técnicas

Seccións tipo :

PO-255		EP-5104		RAMAL DE ENLACE	
Velocidade	40 km/h	Velocidade	40 km/h	Velocidade	40 km/h
Carrís	2,75 m	Carrís	3 m	Carril	3,50 m
Anch. carril central espera	3 m	Beiravía interior	0,50 m	Beiravía interior	1,50 m
Lonx. carril central espera	15 m	Beiravía exterior	1 m	Beiravía exterior	1 m
Beiravías	1 m				
Lonx. cuñas reducidas	12,50 m				

Os anchos dos carrís da PO-255 é variable na actualidade. No zona de actuación ata chegar o treito onde se rehabilita o firme, fíxase un ancho constante de 2,75 m.

Firmes e pavimentos:

- Zonas onde unicamente se rehabilita o firme: 5 cm mestura bituminosa en quente (MBQ) AC16 Surf BC 50/70 D + emulsión asfáltica C60B3 TER.

- Zonas onde se demole o pavimento e se aproveita a explanada existente da estradas: 5 cm MBQ AC16 Surf BC 50/70 D + emulsión asfáltica C60B3 TER + 5 cm BMQ AC22 Bin BC 50/ S + emulsión asfáltica C60BF4 IMP + 25 cm saburra artificial.

- Zonas onde se dispón o paquete de firme completo: zonas de ampliación da plataforma existente, novo vial ou zonas de demolición do pavimento existente, nas que debido a diferenza entre a rasante actual e a proxectada, non se pode aproveitar a explanada actual: 5 cm MBQ AC16 Surf BC 50/70 D + emulsión asfáltica C60B3 TER + 5 cm MBQ AC22 Bin BC 50/70 S + emulsión asfáltica C60BF4 IMP + 25 cm saburra artificial + 35 cm terra seleccionada tipo 3

- Illote: pavimentarase con 15 cm de formigón HM-20 e terá un bordo perimetral tipo Xunta de 22x15 cm.

Drenaxe:

- Drenaxe lonxitudinal: execútanse gabias tendidas revestidas de formigón de 20 cm de profundidade. As gabias contiguas existentes as da nova execución, limparanse e realizarase nelas unha transición para o entronque coa sección das gabias formigonadas.

- Actuacións complementarias: no noiro de recheo que inicia no P.Q. 0+025 e remata ao lado da vivenda situada na EP-5104, colocase na berma unha barreira de seguridade metálica simple. Reporanse os treitos dos servizos afectados e retranquearanse os peches das fincas afectadas.

5. Unidades principais de obras

Despexe e desbroce mecánico en terreo sen clasificar	1.533,00 m2
Gabia triangular tendida 1,20 m noiro: 5/1 y 1/1 y h= 0,20	150 m
Fresado de pavimento existente (por cm de espesor)	17.615,00 m2
Saburra artificial ZA-0/20	354,45 m3
MBQ AC16 SURF BC 50/70 D	581,14 tn
MBQ AC22 BIN BC 50/70 S	149,94 tn
Pavimento de formigón coloreado HF-3,5 sin	207,00 m2
Barreira de seguridade metálica N2, W3, A	73,00 m
Tubo PEAD Ø=90 / 10 atm	152,00 m
Pozo de rexistro Ø=1000 mm para tubos ata Ø=600	4 ud
Tratamento de terras	672,78 m3
Tratamento de residuos de mesturas bituminosas	229,75 m3

6. Poboación Servida

Covelo 2.426 hab.

TOTAL: 2.426 hab. (I.G.E.)

7. Concellos Afectados

Covelo

8. Expropiacións

Aféctase a 9 parcelas, no concello de Covelo (1.228,41 m2).

Orzamento Total de Expropiacións 8.864,72 €

9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CATRO (4) meses.

10. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE) 203.649,04 €

Orzamento Total de Expropiacións 8.864,72 €

Orzamento Reposición de Servizos Privados 3.971,30 €



Orzamento Vixilancia Ambiental 1.000,00 €

Orzamento para coñecemento da administración 217.485,06 €

11. Orzamentos por concello

<u>Concello</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
Covelo	217.485,06	100

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIÓN TIPO XENÉRICA

